

# XUNTA DE GALICIA

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

### Departamento Territorial Servizo de Relacións Laborais

#### CONVENIO COLECTIVO

Vista a acta da táboa salarial para o ano 2009 do convenio colectivo da empresa LIMPIEZAS DEL NOROESTE, SA (LINORSA) (Limpeza colexios públicos do concello de Vigo), con nº de código 3604022, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 21-12-2009, subscrita pola comisión paritaria do convenio, en data 24-03-2009, e de conformidade co disposto no art. 90, 2 e 3, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, este departamento territorial,

#### ACORDA:

*Primeiro.*—Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante neste departamento territorial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

*Segundo.*—Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

*Terceiro.*—Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### ACTA DE ACORDO DE REVISION SALARIAL PARA O ANO 2009 DO CONVENIO COLECTIVO DA EMPRESA LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A (LINORSA), PARA O PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE LIMPEZA DOS COLEXIOS E ESCOLAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE VIGO

#### ASISTENTES

##### COMITE DE EMPRESA

- Xulia Reboreda Barcia
- Manuela Fernández Redondo

##### ASESORAS

- M<sup>a</sup> do Tránsito Fernández Fernández

##### EMPRESA

- Víctor Manuel Pérez Rodríguez
- Fernando González-Amadios

En Vigo, a día vintecatro de marzo de 2009, sendo as 12:00 horas, nos locais da Empresa, reúnen os representantes dos traballadore/as coa dirección da Empresa, ao obxecto de aplicar o cálculo das táboas salariais e demais conceptos retributivos para o ano 2009. Asisten as persoas sinaladas anteriormente.

Aberta a sesión, procédese a aplicar o 4% do incremento do salario base da táboa salarial para o ano 2009; aos pluses de transporte e asistencia e as horas extraordinarias, se lles aplica o 1,40% do incremento, os cáles quedan como seguen con efectos do 1 de xaneiro de 2009:

- Táboa salarial: ver anexo.
- Plus de transporte: 85,55 euros mensuais. Por cada día de ausencia ao traballo se descontará a cantidade de 3,81 euros.
- Plus de asistencia: 60,90 euros mensuais. Por cada día de ausencia ao traballo se descontará a cantidade de 2,71 euros.
- Horas extraordinarias:
  - a) Hora extra: 7,61 euros.
  - b) Hora en domingo y festivo: 8,93 euros.

Asemade se recorda que se establece unha cuarta paga que se aboará no mes de outubro y que para o ano 2009 se fixa en 150 €, aboándose a prorrata da xornada de traballo.

En relación ao articulo 30 do Convenio, e co fin de fixar a cláusula de absentismo contemplada en dito articulo, se procede a lectura da mesma que di o seguinte, dándose polas partes, conformidade a mesma:

“O abono dos complementos de prestación económica da Seguridade Social reflexados no artigo 30 do vixente Convenio Colectivo do Servizo de Limpeza dos Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo para os anos 2009, 2010 e 2011, estará condicionado a que o absentismo do persoal non supere o 3,50 %, de maneira que, a partir do mes de febreiro de 2009 y con carácter mensual, si o índice de absentismo do mes anterior por continxencias comúns rexistrado polo persoal afectado por este convenio colectivo, non supera o 3,50 %, se aboará o complemento o mes seguinte. Polo contrario, se dito índice supera o 3,50 % no mes, non se aboará complemento ningún no mes seguinte”.

Diste modo, ambas partes acordan a súa remisión a Autoridade Laboral a efectos do seu rexistro e posterior publicación no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial de Pontevedra. Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as trece horas do día enriba indicado.

#### ANEXO

#### TÁBOA SALARIAL ANO 2009

#### CONVENIO COLECTIVO PERSOAL LIMPEZA COLEXIOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE VIGO

CATEGORÍA	€
<b>GRUPO I.—Persoal Directivo e Técnico</b>	
<i>Subgrupo I.—Persoal Directivo</i>	
Director .....	1.965,31
Director Comercial .....	1.784,55
Director Administrativo .....	1.784,55
Xefe de Persoal .....	1.784,55
Xefe de Compras .....	1.784,55
Xefe de Servizos .....	1.784,55
<i>Subgrupo II.—Persoal Titulado</i>	
Titulado Grao Superior .....	1.415,06
Titulado Grao Medio .....	1.257,07
Titulado Laboral ou Profesional .....	1.069,08
<b>GRUPO II. Persoal Administrativo</b>	
Xefe Administrativo de 1ª .....	1.336,41
Xefe Administrativo de 2ª .....	1.249,95
Caixeiro .....	1.132,04
Oficial de 1ª .....	1.069,09
Oficial de 2ª .....	951,23
Auxiliar .....	833,26
Telefonista .....	824,95
<b>GRUPO III. Mandos Intermedios</b>	
Encargado Xeral .....	1.250,17
Supervisor ou Encargado de Zona .....	1.132,04
Supervisor ou Encargado de Sector .....	1.037,78
Encargado de Grupo ou Edificio .....	897,81
Responsable de Equipo .....	861,76
<b>GRUPO IV. Persoal Subalterno</b>	
Ordenanza .....	824,96
Almaceneiro .....	824,96
Listeiro .....	824,96
<b>GRUPO V. Persoal Obreiro</b>	
Especialistas, Carretilleiros e Oficial de oficios varios .....	909,60
Peón Especialista e Axudante de oficios varios .....	833,45
Limpador o Limpadora e Peón de oficios varios .....	824,81
Conductor – Limpador .....	979,79

Vigo, a 12 de xaneiro de 2010.—A Xefa Territorial, Carmen Bianchi Valcarce. **201000566**